




A TÚA CÓNICA

- O primeiro paso consiste en **fotografar** algún obxecto con forma de cónica. Podes elixir entre elipses, hipérbolas ou parábolas.
- Podes ver algúns exemplos do que terás que facer: unha [antena parabólica](#), unhas torres de [refrixeración hiperbólicas](#) ou o estadio de [Maracaná elíptico](#).
- O obxectivo da práctica é achar **a ecuación da cónica** que mellor se axuste ao obxecto.
- Carga a imaxe . Modifica axeitadamente o seu tamaño.
- O programa ten unha opción específica para cada unha das tres cónicas, elipse, hipérbola ou parábola .
Se elixes unha opción e logo colocas (sen pulsar) o cursor sobre ela, verás sobreimpresionado un campo de axuda que che indica como usala.
- Ademais, como en xeral calquera cónica queda determinada se coñecemos cinco dos seus puntos, o programa tamén ten unha opción para traballar dese xeito . Usa esta opción se e só se coas anteriores non es quen de aproximar ben a cónica.